


PAIS E NAIS



CÓMO SUPERAR LAS DIFICULTADES ESCOLARES, L. Sigrid


Ed. Medici 2001

Un libro para evitar o fracaso escolar e recoñecer os aspectos dos estudos que precisan maior reforzo.

ADOLESCENTES, MALOS ROLLOS, COMPLEJOS Y COMEDURAS DE COCO. Marcelli/ La Boire

EDAF 2005

A adolescencia é unHa das etapas máis complicadas que viven os nosos fillos. Non nos enganemos: agora que xa non son nenos pequenos seguen precisando de nós.



ADICCIÓN A LAS NUEVAS TECNOLOGÍAS EN ADOLESCENTES Y JÓVENES. Echeburúa Odriozola, Ed. Pirámide 2009.


Este manual analiza os riscos do abuso das novas tecnoloxías, aborda as súas consecuencias, ofrece alternativas nos casos necesarios e fai fincapé en aspectos preventivos a nivel escolar e familiar.



EL SENTIDO DEL HUMOR. Manual de instrucciones. E. Jáuregui, Integral 2007

¿Fartos do estrés e da rutina?

Grazas ao sentido do humor recuperaremos a nosa capacidade natural de rir, xogar e gozar da vida.



E como non todo vai ser ler...


Non deixedes de ir ao cine este Nadal!

ENTRELOBOS de Gerardo Olivares. Baseada na historia real dun neno que pasou 12 anos no monte convivindo cos lobos.



Harry Potter y las reliquias de la muerte. Parte 1. Adaptación da obra de J.K.Rowling

NEDS, de Peter Mullan. Historia do percorrido dun rapaz que pasa de ser un neno premiado no colexio a un delincente adolescente.



E para estar ao día, visita o blog da nosa biblioteca

<http://arslegendi.abania.blogspot.com>

RECOMENDACIÓNS PARA ESO E ADULTOS NADAL 2010

LECTURAS PARA APRENDER A CONVIVIR



BIBLIOTECA ESCOLAR
CPI SAN VICENTE

12-14 ANOS



NATA Y CHOCOLATE, Alicia Borrás Sanjurjo. Ed. Anaya 2010
Sonia é una nena triste e solitaria. Os seus compañeiros fanlle a vida imposible porque é diferente: Sonia padece albinismo. Ata que unha profesora decide intervir...
Tolerancia. Amizade. Respecto á diversidade .

UNA HISTORIA FAMILIAR, Christine Nöstlinger. Ed. Oxford 2010
A nai de Gretchen decide cambiar de vida: adelgaza, busca traballo e recupera a súa autoestima. Mágoa que o seu home non estea dacordo.
Vida familiar. Convivencia.



LÚA DO SENEGAL, A. Fernández Paz. Xerais 2009.
Khoedi, unha nena de dez anos, deixa a súa casa de Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Agora está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África.

STEFANO, M^a Teresa Andruetto. Ed. Galaxia 2010
Un adolescente italiano sae de Xénova rumbo a Bos Aires na procura de fortuna, a comezos do século XX, entre as dúas grandes guerras. Na nova terra coñecerá o amor e aprenderá a loitar polos seus soños.



Supervivencia. Evolución persoal.

14-16 ANOS



INI UN GOLPE MÁSI, Christine Biernath. Ed. Anaya. 2010
A violencia no fogar dende a perspectiva dos fillos. Sandra non é quen de ver o maltrato psicolóxico e físico que padece a súa nai, ata que ela mesma o sofre.
Violencia de xénero.

CALLEJÓN SIN SALIDA, Gemma Lienas. Ed. Oxford 2010

Ramón, un rapaz de 16 anos, inmaduro e mal estudante, terá que loitar contra o inferno das drogas, nas que caeu pola súa inseguridade ante os compañeiros e o seu complexo de inferioridade.

Drogadicción. Autoestima.



SIMPLE, Marie-Aude Murail
Anaya 2010

Simple ten 22 anos, pero a súa idade mental é de 3. O seu irmán Kléber, un estudante de Bacharelato, xa está canso de coidar sempre del e quere vivir a súa propia vida.

Discapacidade. Respecto. Irmáns.

A OVELLA NEGRA, P. Alapont. Rodeira
Hermóxenes pertence a unha familia de médicos ilustres, pero el quere ser arqueólogo. A pesar das presións familiares, matricúlase na facultade de Historia e participa nunha escavación arqueolóxica. E ademais de estudar, traballa coidando un bebé...

Tolerancia. Respecto. Humor. Amizade.



ADULTOS



A ESTRADA, Cormac McCarthy. Faktoría K 2010
Un pai e un fillo emprenden unha viaxe de supervivencia nun mundo que agoniza tras una catástrofe mundial. Tentan fuxir da morte coa esperanza de atopar un futuro no que sexa posible a vida. Unha historia estremecedora que nos fala da forza do amor .

Supervivencia. Amor. Familia.

TODO É SILENCIO, Manuel Rivas. Xerais 2010. Esta novela narra o proceso de metamorfose do contrabando de tabaco ao narcotráfico que se viviu en Galicia e como afectou esta situación á xente nova.

Drogas. Corrupción. Poder.



LA PUERTA DE LA LUNA. Cuentos completos, Ana M^a Matute, Destino 2010

A gañadora do Premio Cervantes deste ano reúne neste volume todos os seus contos, nos que atopamos temas recorrentes como a Guerra Civil española e a posguerra, a incomunicación ou a inxustiza social.

Vida cotiá. Xustiza. Incomunicación.

LA CENA, Herman Koch, Salamandra 2010

Ata onde chegarías para protexer ao teu fillo de 15 anos? Actuarías do mesmo xeito sabendo que cometeu un terrible delito? Poderías continuar coa túa rutina diaria gardando o segredo? Una novela imprescindible.

Violencia xuvenil. Sobreprotección.

